



## CPI AS REVOLTAS

# BOLSAS XERAIS DO MINISTERIO PARA ESTUDOS POSTOBRIGATORIOS

## ESTUDIOS PARA OS QUE PODO SOLICITAR ESTA BOLSA:

- **Bacharelato**
- **Formación Profesional de grado medio e de grado superior.**
- Ensinanzas artísticas profesionais.
- Ensinanzas deportivas.
- Estudos de idiomas en Escolas Oficiais, incluída a modalidade a distancia.
- Ensinanzas artísticas superiores.
- Estudos relixiosos superiores.
- **Ciclos formativos de grado básico**
- Ensinanzas universitarias do sistema universitario español

## REQUISITOS XERAIS:

- Non estar en posesión dun título do mesmo nivel ou superior.
- Estar matriculado en algunha das ensinanzas anteriores.
- Ter nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea.
- Reunir os requisitos académicos e económicos que especifica a convocatoria.

## REQUISITOS ACADÉMICOS:

### **PARA O 1º CURSO:**

- **BACHARELATO:** nota media de 5 en 4º de ESO ou nota final do ciclo formativo de Grado medio ou básico que dea acceso; matrícula no curso completo e non estar repetindo curso. Haberá posibilidade de bolsa limitada se a matrícula é na metade do curso.
- **CICLO FORMATIVO DE GRADO MEDIO:** matrícula no curso completo (tamén bolsa limitada con matrícula na metade dos módulos; non estar repetindo no curso actual.
- **CICLO FORMATIVO DE GRADO SUPERIOR:** nota media de 5 en 2º de bacharelato ou na proba de acceso; se accedes dende ciclo de grado medio, terase en conta a nota final do ciclo; matrícula no curso completo ou mínimo na metade dos módulos (bolsa limitada); non estar repetindo o curso actual.
- **ENSINANXAS PROFESIONAIS DE MÚSICA E DANZA:** matrícula no curso completo ou mínimo na metade das materias (limitada); non estar repetindo actualmente.
- **ENSINANZAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS:** matrícula no curso completo; non estar repetindo no curso actual.



## **CPI AS REVOLTAS**

- **ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES E OUTROS ESTUDOS SUPERIORES NON UNIVERSITARIOS:** matrícula en 60 créditos ou curso completo; ter 5 na proba de acceso.

### **PARA O 2º CURSO E POSTERIORES:**

- **BACHARELATO:** non estar repetindo no curso actual; matricularse no curso completo ou polo menos na metade de materias; aprobar todas as materias do curso anterior (excepto 1).
- **CICLO FORMATIVO DE GRADO MEDIO:** non estar repetindo no curso actual; matrícula en curso completo ou polo menos na metade dos módulos; ter aprobado polo menos o 85% das horas totais do curso.
- **CICLO FORMATIVO DE GRADO SUPERIOR:** non estar repetindo; matrícula no curso completo ou polo menos na metade dos módulos; ter aprobado o 85% das horas totais do curso.
- **ENSINANXAS PROFESIONAIS DE MÚSICA E DANZA:** non estar repetindo; matrícula no curso completo; ter aprobado todas as materias do curso, excepto unha.
- **ENSINANZAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS:** non estar repetindo no curso actual e matricularse no curso completo.

### **REQUISITOS ECONÓMICOS:**

Non superar determinados niveis de renda e patrimonio familiares. A efectos das bolsas e axudas ao estudo, terase en conta a renda do ano anterior. (Consultar convocatoria anual)

### **OUTROS REQUISITOS:**

- Ademais dos requisitos anteriores, hai que ter en conta que se deben reunir tamén outras condicións para obter determinados compoñentes da bolsa, xa que hai diferentes cuantías, que se poden recibir ou non en función da renda familiar e da situación da mesma.
  - Fixas:
    - Gratuidade da matrícula (Universidade)
    - Cuantía fixa ligada á renda
    - Cuantía fixa ligada á residencia da persoa solicitante
    - Cuantía fixa ligada á excelencia no rendemento académico
    - Bolsa básica para que non opte á cuantía fixa ligada á renda.
  - Variable: diferente para as persoas solicitante que resulta da ponderación da nota media do expediente e da renda familiar.
- O alumnado que sexa beneficiario dunha bolsa, estará obrigado a destinar a bolsa a finalidade coa que se concedeu.



## CPI AS REVOLTAS

- O alumnado **deberá devolver o importe da bolsa** nos seguintes casos:
  - Cando se dea de baixa no centro educativo durante o curso
  - Cando non asista ao 80% ou máis das horas lectivas.
  - Cando non supere o 50% das materias ou créditos dos que se matriculou (entre convocatoria ordinaria e extraordinaria).

## SOLICITUDE:

Presentarase a través da web do Ministerio de Educación, na que hai que rexistrarse.  
<https://sede.educacion.gob.es/sede/login/inicio.jjsp?idConvocatoria=1556>

En principio non hai que aportar información ou documentación adicional, excepto en casos específicos nos que xa se especificará a necesidade de aportala no documento de solicitude.

Pasos a seguir para a solicitude:

<https://www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas/fp-bachillerato-otros/como-solicitarla.html#pasos-para-solicitarla>

## PRAZOS DE SOLICITUDE

- Estudos non universitarios: dende **27 de marzo** ata **17 de maio** de 2023.

Fontes de información: web [becaseducacion.gob.es](http://www.becaseducacion.gob.es) e convocatoria xeral de bolsas 23/24.